

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO DA OFICINA DE IMPULSO DE PROXECTOS EUROPEOS (OIKE)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

Dona María Jesús Lorenzana Somoza en representación da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (en diante CEI), nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14.04.2024), no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, don Juan José López Muñoz, como presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en diante COMG), entidade domiciliada na Coruña, rúa de Juana Capdevielle, nº2, segundo consta na acta da Xunta Directiva Extraordinaria, celebrada telematicamente o día 25/02/2022, para o nomeamento de cargos da COMG.

Ambos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.

Segundo.- O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101, do 27.05.2024), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Terceiro.- O Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 liña primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de réxime interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

Cuarto.- De conformidade coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, a sustentabilidade conxuga tres dimensións: económica, social e ambiental. Neste senso, o desenvolvemento sustentable, entendido como a





conxunción de progreso económico, xustiza social e protección medioambiental, implica non só a aplicación das técnicas máis respectuosas co medio ambiente e coa preservación dos ecosistemas naturais e a rehabilitación do espazo natural afectado, senón tamén a integración social da actividade económica e a creación de valor para a comunidade social afectada, tanto durante o desenvolvemento da explotación como unha vez rematada esta, reconvertendo antigas infraestruturas mineiras en motores de desenvolvemento económico e social, contribuíndo á sustentabilidade social e territorial, ademais de preservar o legado histórico e cultural de Galicia.

Quinto.- Para promover a transición da Comunidade Autónoma de Galicia cara a unha economía circular seguindo as premisas impostas no ámbito comunitario e no ámbito estatal, no Consello da Xunta de Galicia celebrado o 12 de decembro de 2019 aprobouse a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030, coa que a Xunta de Galicia quere impulsar un cambio na próxima década que permita substituír o noso sistema económico lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais e que poña en valor os recursos identificados como característicos do territorio, entre os que se atopan os recursos mineiros (granito, lousa, etc.), obtidos mediante o uso de tecnoloxías máis limpas e con prácticas sustentables.

Pola súa banda, o 27 de outubro de 2022, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Axenda de impulso de minaría sustentable de Galicia 2030 (AMSG 2030), que contempla no seu Eixe 2 “Innovación e dixitalización das empresas”, a iniciativa 7: creación dunha oficina para a captación, a coordinación e o seguimento de fondos europeos de investigación, innovación e modernización.

Así pois, no 2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, en colaboración coa Cámara Oficial Mineira de Galicia, pon en marcha a “Oficina de Impulso de Proxectos Europeos”, co fin de proporcionar ás empresas e entidades do sector mineiro o asesoramento necesario para a formulación de iniciativas e proxectos de investigación, innovación e modernización, así como dinamizar a participación das entidades na implantación dos obxectivos da AMSG 2030 no sector mineiro.

A COMG constitúe, polo tanto, a única entidade que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser a entidade máis representativa do sector tanto por número de membros como por abranguer con carácter transversal a todos os subsectores do ámbito mineiro e, por outro, ter a natureza xurídica de corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira na Comunidade Autónoma





de Galicia e, en particular, a compatibilización da actividade mineira coa protección do medio ambiente e a integración social e territorial.

As razóns expostas xustifican a dificultade da súa convocatoria pública e a súa concesión a través do procedemento de concesión directa.

Sexto.- Por todo o anterior, as actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEI, no financiamento das ditas actuacións a través deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á COMG.

Sétimo.- Na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, figura a aplicación orzamentaria 09.03.734A.780.0 "axudas programa de sustentabilidade no sector mineiro", na que existe crédito dispoñible suficiente e cuxa nova codificación orzamentaria pasa a ser 39.04.734A-780.0, conforme á Orde do 25 de abril de 2024 pola que se regulan as actuacións orzamentarias e contables necesarias para a adaptación do orzamento á estrutura da Xunta de Galicia, aprobada no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

- 1.- Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o funcionamento da Oficina de Impulso de Proxectos Europeos (OIPE), dedicada ao asesoramento e apoio á administración mineira e ao sector mineiro na captación de fondos para proxectos de investigación, innovación e modernización.
- 2.- As actuacións a desenvolver pola dita oficina veñen marcadas na Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030 e, en concreto, deberá realizar as seguintes actividades:





A1) Asistencia á Administración autonómica con competencias en materia de minería á hora de mobilizar ás empresas e impulsar o acceso ao financiamento europeo para proxectos aliñados coa Axenda.

A Oficina encargárase de:

- Elaboración dun boletín mensual interno de seguimento, onde se irá actualizando a información das diferentes iniciativas administrativas e liñas de financiamento europeos que poden ser captados no período de vixencia do convenio.
- Creación dunha *newsletter* informativa mensual para as empresas e entidades do sector que constituirá un instrumento de información de novas en materia de financiamento europeo de proxectos e iniciativas de interese.

A Oficina manterá unha comunicación continuada con todos os axentes implicados por medio de:

- Consultas ás empresas do sector.
- Colaboración continuada coas entidades representativas do sector.
- Xornadas de *Networking*.

O obxectivo desta comunicación é a identificación de:

- As principais necesidades das diferentes entidades do sector en materia de desenvolvemento e innovación tecnolóxica aliñadas coa Axenda.
- A relación destas necesidades coas consultas da administración para a súa posta en común.
- Os proxectos e convocatorias prioritarias en base ás necesidades detectadas dentro dos esquemas de financiamento existentes.
- As posibilidades de configuración de consorcios de interese, xerando sinerxías dentro do tecido industrial mineiro.

A2) Proporcionar asistencia as empresas e entidades do sector mineiro na preparación e na presentación de proxectos de interese para o sector, na concorrência ás correspondentes convocatorias e instrumentos de implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia coas debidas garantías de éxito, así como ás convocatorias dos MFP 2014-2020/2021-2027.

A Oficina proporcionará as empresas e entidades do sector as ferramentas necesarias para a formulación de iniciativas e proxectos co inicio dun servizo de consultoría continuada que permita implicar e dinamizar a participación das entidades na implantación dos obxectivos da Axenda no sector mineiro.





De xeito prioritario fomentárase a participación das empresas do sector nas seguintes liñas de financiamento europeo:

- (1) Convocatorias dentro do Programa Marco Horizon Europe Framework Programme (HORIZON)
- (2) Convocatorias do Programa EUROSTARS
- (3) Convocatorias do Programa Innowide
- (4) Convocatorias do Programa Fundación Biodiversidade.
- (5) Convocatorias de Programas Interreg de cooperación territorial – POCTEP.
- (6) Convocatorias PERTE Descarbonización

Estes servizos incentivarán a participación das compañías nos programas de financiamento europeos en materia de investigación, desenvolvemento e innovación de tecnoloxías, procurando ademais a colaboración entre os diferentes axentes implicados.

A3) Prestar apoio na xestión técnica e administrativa dos fondos europeos captados para impulsar proxectos aliñados coa Axenda.

A oficina dará soporte a cantos requirimentos se fagan durante a fase da avaliación das candidaturas presentadas, tanto das novas como das presentadas no período anterior.

Para iso, levará a cabo as seguintes actuacións:

- Automatización do cadro de mando creado cos fitos temporais recollendo o plan de traballo, calendario, modificación e indicadores de execución. Farase a través dunha ferramenta PowerBI accesible a través da páxina web da COMG, cos fitos temporais.
- Seguimento financeiro dos proxectos aprobados e as súas certificacións de gasto e reembolsos e asegurase da elixibilidade dos gastos de acordo ás normas de xestión e verificación.

A4) Comunicación, presentación e seguimento da Oficina.

Para levar a cabo esta actuación, realizaranse as seguintes actividades:

- Organización de xornadas virtuais para cada convocatoria publicada que poida ser de interese.
- Organización de obradoiros para que as empresas traballen conxuntamente na presentación de proxectos consorciados.





- Outras actividades de networking intermedias.
- Evento de peche

A5) Creación, mantemento e actualización dunha base de datos de posibles proxectos para implantar en Galicia recollidos a través de manifestacións de interese para a posta en marcha de proxectos tractores na comunidade.

A Oficina deseñará e realizará un cuestionario de priorización de proxectos detallando os ámbitos temáticos e tecnoloxías.

Este cuestionario complementarase cun obradoiro específico para as convocatorias consorciadas para as que a COMG, DXPERN e as empresas do sector poidan cooperar na captación de proxectos.

Así mesmo, fomentaranse as sinerxías con outros sectores para a identificación de proxectos conxuntos tales como o sector da automoción, das enerxías renovables, o sector tecnolóxico ou a aeronáutica.

As actuacións propostas terán unha duración inicial de 12 meses segundo o seguinte cronograma:

TIPOS DE ACTUACIÓNS		Mes 1	Mes 2	Mes 3	Mes 4	Mes 5	Mes 6	Mes 7	Mes 8	Mes 9	Mes 10	Mes 11	Mes 12
1	Actividade 1: Asistencia á Administración												
2	Actividade 2: Asistencia ás empresas												
3	Actividade 3: Apoio na xestión técnica e administrativa dos fondos captados										-	-	-
4	Actividade 4: Comunicación, presentación e seguimento da Oficina												
5	Actividade 5: Creación, mantemento e actualización dunha base de datos de posibles proxectos												





Segunda.- Interese público concorrente

Nos termos descritos na parte expositiva, as actuacións descritas na cláusula anterior, consoantes coas finalidades da COMG, teñen como obxecto continuar os traballos iniciados pola Oficina de Impulso de Proxectos Europeos no 2023.

Terceira.- Custo das actuacións

1.- O custo total das actuacións obxecto do convenio para 2024 estímase en **NOVENTA MIL Euros (90.000,00 €)**, IVE incluído, o cal se detalla a continuación por tipos de actuacións:

TIPOS DE ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
A1) Asistencia á administración	21.000,00
A2) Asistencia ás empresas	28.000,00
A3) Apoio na xestión técnica e administrativa dos fondos captados	20.000,00
A4) Comunicación, presentación e seguimento da Oficina	14.000,00
A5) Creación, mantemento e actualización dunha base de datos de posibles proxectos	7.000,00
TOTAL CONVENIO 2024	90.000,00

2.- Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto das liñas de actuación coa limitación do 20 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida para cada tipoloxía de actuacións máis un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características das actuacións.





Cuarta.- Principais indicadores

Os principais indicadores que deben contemplarse no marco deste convenio son:

TIPOS DE ACTUACIÓNS	INDICADORES DE REALIZACIÓN
Actividade 1: Asistencia á Administración	- 20 reunións coas empresas e axentes potenciais. - Elaboración dunha enquisa de detección de necesidades. -Elaboración dun informe para a Administración coas necesidades detectadas. - 12 Boletíns internos para a actualización das diferentes iniciativas e liñas de financiamento europeo. - 12 <i>Newsletters</i> para as empresas e entidades do sector como instrumento de información das novidades en materia de financiamento europeo
Actividade 2: Asistencia ás empresas na preparación e presentación de proxectos europeos	- Redacción de 2 memorias de candidatura ás liñas de financiamento europeo priorizadas e adaptadas as necesidades detectadas
Actividade 3: Apoio na xestión técnica e administrativa dos fondos captados	- Apoio ás empresas na xustificación dos proxectos - Automatización do Cadro de Mando
Actividade 4: Comunicación, presentación e seguimento da oficina	- Obradoiros para o desenvolvemento de proxectos consorciados entre empresas. - Xornadas presenciais e híbridas (presencial e online) involucrando ás empresas do sector
Actividade 5: Creación, mantemento e actualización dunha base de datos de posibles proxectos	- Alimentación da base de datos existente e divulgación das manifestacións de interese

Quinta.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

1.- Para o financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto deste convenio que se recollen na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da CEI, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 ata un máximo de **(90.000€)**, IVE incluído, con cargo á aplicación





orxamentaria 39.04.734A.780.0 na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final total das actuacións, calquera que sexa a causa, as ditas variacións serán asumidas integramente pola COMG, sen que en ningún caso a obriga de financiamento da CEI poida exceder da cantidade de **90.000,00 €**.

3.- No suposto de que se produzan variacións á baixa no custo final das actuacións derivadas de procedementos de contratación ou doutras causas, a achega da CEI non superará o custo final das actuacións nin excederá de **90.000,00 €**.

Sexta.- Carácter da achega

De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención polo procedemento de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio.

Sétima.- Obrigas específicas da COMG

1.- Á COMG correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto deste convenio e cumprir as condicións e obrigas recollidas nel.

2.- Co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio asumirá a dirección das actuacións e asignará os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, poderá subcontratar ata o 100% dos servizos precisos para desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira do convenio, asumindo expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

3.- Sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio, así como das obrigas que resulten da lexislación orxamentaria, de subvencións e da restante normativa aplicable, a COMG comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:

- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 15 de decembro de 2024.
- b) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución





das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.

- c) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Oitava.- Obrigas previas á sinatura do convenio

Con carácter previo á subscripción deste convenio, a COMG acreditará, ante a CEI, o seguinte:

- 1.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para as actividades obxecto deste Convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.

Novena.- Gastos subvencionables

Consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio, estean directamente relacionados co obxecto das actuacións financiadas, se correspondan coas actividades relacionadas nos epígrafes da cláusula primeira para cada actuación e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 15 de decembro de 2024.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos axustaranse ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do presente convenio.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa á que se fai referencia na cláusula décimo cuarta ten a condición de gasto subvencionable e para os efectos deste convenio terá a consideración de gasto directo.

Os gastos figurarán desagregados, por tipo de actuación e por actividades concretas, segundo os cadros 1 e 2 do anexo I do texto deste convenio.

Os gastos indirectos nos que incorra a COMG en execución deste convenio non terán a consideración de gasto subvencionable.

O imposto sobre o valor engadido considerarase subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da COMG.

Décima.- Obtención doutras subvencións ou recursos.

En aplicación do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a percepción desta axuda será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para as mesmas finalidades, procedentes de calquera Administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso o importe da axuda a percibir en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo total do investimento que se considere subvencionable.

A COMG deberá comunicar á CEI a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a súa sinatura.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento das anteriores circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da





aplicación dada aos fondos percibidos. A declaración que se efectúe detallarase para cada actividade concreta que se inclúa en cada tipoloxía de actuacións.

Undécima.- Facultades de inspección e control

1.- Sen prexuízo do disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CEI poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, a COMG deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

Duodécima.- Transparencia e publicidade da colaboración

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nel, así como a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da CEI, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da CEI e utilizarase, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.





Décimo terceira.- Relación laboral coa consellería

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo cuarta.- Conta xustificativa

1.- A COMG terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 15 de decembro de 2024.

En relación aos gastos de persoal, e de acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a COMG acreditará, mediante certificación expedida ao efecto, os gastos correspondentes a actuacións efectivamente realizadas dentro do período de vixencia do convenio e dos que non existira a posibilidade de ser aboados antes da data límite prevista para a súa xustificación. Para os efectos de control e verificación dos gastos incluídos neste suposto, a documentación adicional acreditativa destes pagamentos presentarse, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2025.

2.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a presentación por parte da COMG da seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo o modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:
 - a) Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán en detalle as actividades concretas realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución das actuacións financiadas, conforme á desagregación orzamentaria establecida na cláusula terceira do convenio. En particular, achegarase un listado por cada tipo de actuacións subvencionadas coa relación das actividades concretas realizadas ou nas que se teña participado.





Incluirá a xustificación sobre o impacto da axuda de cara á consecución da finalidade perseguida e do cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase material gráfico, folletos, programas, fotografías ou calquera entregable que se deriven ou se elaboren con ocasión do desenvolvemento das actividades.

- Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterá unha relación clasificada das actividades realizadas e dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por actividade e entregarase en formato dixital, como folla de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no anexo I. En follas de cálculo aparte figurarán as relacións de gastos correspondentes ás axudas concedidas compatibles con este convenio, así como a porcentaxe de imputación segundo o anexo I.
- Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da COMG. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas normas de actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e





contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información lle solicitou o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo incluírá o resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

- Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e achegala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para a actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para as actividades obxecto deste Convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.
- Certificados de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.
- Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os órganos competentes da CEI poderán solicitar as aclaracións ou informes





relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Décimo quinta.- Pagamento

1.- O pagamento da achega económica da CEI realizarase, de conformidade co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe máximo e coas condicións establecidas na cláusula terceira deste convenio.

2.- Dada a natureza dos gastos subvencionables, prevese a posibilidade da realización de pagamentos a conta. A COMG poderá facer unha única solicitude de pagamento a conta, con data límite o 1 de outubro de 2024. O importe solicitado aboarse tendo en conta exclusivamente os gastos correctamente xustificadas e non superará a porcentaxe do 80% destes.

3.- A realización de pagamentos a conta está suxeita ao réxime de garantías regulado no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, a garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas a conta con independencia do prazo previsto para a xustificación establecido no presente convenio.

Décimo sexta.- Perda do dereito ao cobramento

Segundo o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito da COMG ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.

Décimo sétima.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Sempre e cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial segundo os seguintes criterios:





- O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
 - A realización de gastos fóra do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fóra de prazo.
 - A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula décimo cuarta deste convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- b) Incumprimento das obrigas da COMG recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.
- c) No caso de que tivera lugar a concorrencia doutras axudas que puideran superar o custo das actuacións, a achega da CEI minorarase na cantidade correspondente. O beneficiario, de ser o caso, terá que reintegrar as cantidades correspondentes e os xuros de demora dende o momento do pago da axuda.

Décimo oitava.- Comisión de seguimento

1.- A comisión de seguimento estará formada por unha persoa representante da CEI e unha representante da COMG.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.- As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio





Décimo novena.- Extinción do convenio e causas de resolución

1.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- d) Calquera outra causa previstas nas leis

De resolverse o convenio, a CEI poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Vixésima.- Vixencia do convenio

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 15 de decembro de 2024. Consonte ao recollido no apartado 3.a) da cláusula sétima, admitiranse actividades anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2024.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Vixésimo primeira.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado





mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82 do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que a desenvolve, así como nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola CEI, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento e en proba de conformidade, asínase polas partes na data indicada na sinatura dixital deste documento.

A conselleira de Economía e Industria
María Jesús Lorenzana Somoza

O presidente da Cámara Oficial
Mineira de Galicia
Juan José López Muñoz





ANEXO I

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO DA OFICINA DE IMPULSO DE PROXECTOS EUROPEOS (OIPE)

D., como representante da COMG con NIF
endereço en e beneficiaria do
convenio de colaboración coa Consellería de Economía e Industria por un importe
de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por
importe de€ e, en cumprimento do disposto na cláusula décimo
cuarta do devandito convenio, rende ante a dita Consellería a conta xustificativa do
gasto realizado composto por unha **Memoria de Actuacións** que se acompaña e
unha **Memoria Económica abreviada** xustificativa do custo das actividades
realizadas que se acompaña e que inclúe os cadros 1 e 2, así como o correspondente
Informe de Auditor.

En....., de de 2024



**CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)****Nome do beneficiario:****NIF do Beneficiario:****Orzamento subvencionable****Tipo de actuación:**

REF. (1)	Nome da actividade	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
....											
TOTAL PÁXINA											

NOTAS explicativas:

1. Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
2. Incluírase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
3. IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria

**CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS: GASTOS DE PERSOAL PROPIO****Nome do beneficiario:****NIF do Beneficiario:****Orzamento subvencionable****Tipo de actuación:**

REF. (1)	Nome da actividade	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data Final (3)	Nº. total de horas anuais segundo ou contrato (4)	Salario Bruto (5)	Custo SS a cargo empresa	Salario bruto + custo SS a cargo empresa	Custo hora (6)	Nº. Horas imputadas ao programa	Custo total imputado ao programa (7)
1													
2													
3													
4													
5													
6													
....													
TOTAL													

NOTAS explicativas:

- (1) Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Indicar o posto de traballo da persoa
- (3) Período de tempo adicado polo persoal a cada actividade por cada tipo de actuación.
- (4) Horas anuais do empregado segundo o contrato de traballo.
- (5) Salario bruto (antes de ningunha dedución)
- (6) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (7) Custo hora * Nº. horas imputadas a cada actividade do tipo de actuación

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria





ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

A.- PROCEDEMENTOS

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitude da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

- 1. Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido da dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas, para o que deberá proceder a verificar a existencia dalgún tipo de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros, que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

2. Memoria económica abreviada.

- a) Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.
- b) Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificandos e do seu pago e que os devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.
- c) Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.
- d) Que os custos indirectos se imputaron polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e





normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Ao responder a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se comprobará que o seu importe atópase desagregado adecuadamente na conta xustificativa.

e) Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

f) Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se comprometera a unha concreta distribución destes.

g) Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados. Dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo. De non estar permitida a subcontratación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará ao longo da súa revisión a concordancia da información contida nesta declaración, co obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

h) Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificandos e a natureza das actividades subvencionadas.

3. Solicitud ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.

O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

4. Revisión do certificado de taxación de bens inmobles, no seu caso.

5. Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.

6. Carta de manifestacións.

Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan





relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

7. Outros procedementos.

Ademais comprobará:

a) O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada para os gastos obxecto da subvención.

– O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e de selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración da prorrata do IVE (modelo 390).

– No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de contratación do Sector Público, o seu cumprimento.

– Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:

1. A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de Galicia.
2. Achegar á información económica da Memoria co conseguente detalle de gastos e investimentos nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a actividade subvencionada, coa mesma desagregación e formato que se lle esixe ao beneficiario principal.

B.- ANÁLISE DOS DATOS

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de gastos e pagos.

Consideraranse, á hora de realizar a análise, os **conceptos, custos directos, custos de persoal e custos indirectos**.

a) Aspectos a analizar:

a) En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:

3. Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
4. Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo o convenio de colaboración.
5. Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se





inclúen na relación de gastos. O estampillado incluírá a porcentaxe de financiamento da Xunta de Galicia.

b) En canto aos pagos:

6. Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no convenio.
7. Non se admiten os pagamentos en efectivo.
8. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.
9. No caso de axudas concorrentes, verificará que non existe duplicidade de facturas.
10. O beneficiario facilitará ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

C.- CONTIDO DO INFORME

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/200 7, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso, o importe en gastos de persoal aos que se fai referencia na cláusula décimo cuarta, punto primeiro, segundo parágrafo, e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.

Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente:

O auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.





ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN DE AXUDAS

En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións obxecto deste convenio.
- ☐ Solicitou outras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.
- ☐ É beneficiario doutras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.

Relación de axudas solicitadas e concedidas:

Actividade para a que se solicita ou concede axuda (1)	Organismo que concede a axuda	Ano	Axuda Solicitada (2)	Axuda Concedida (2)	Importe Subvencionable (€)	Porcentaxe de concesión	Axuda concedida (€)	Data de concesión	Disposición Reguladora

Así mesmo, a partir da data desta declaración, comprométome a comunicar as axudas que obteña e/ou solicite para as mesmas actuacións.

(1) Especificaranse todas as actividades obxecto deste convenio, incluídas en cada tipo de actuacións

(2) Sinale o que proceda

Nome, apelidos e sinatura do representante legal e selo entidade beneficiaria

